

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4140** *Real decreto lei 6/2014, do 11 de abril, polo que se regula o outorgamento da explotación dos recursos mineiros da zona denominada «Aznalcóllar».*

Os depósitos minerais de orixe natural e demais recursos xeolóxicos existentes no territorio nacional son bens de dominio público. O seu réxime xurídico establécese na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, de acordo coa cal todos os depósitos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos existentes no territorio nacional, mar territorial e plataforma continental, son bens de dominio público estatal; a lei recolle, así mesmo, a posibilidade de que o Estado reserve para si zonas de calquera extensión no territorio nacional, mar territorial e plataforma continental, nas cales o aproveitamento dun ou de varios depósitos minerais e demais recursos xeolóxicos poida ter especial interese para o desenvolvemento económico e social ou para a defensa nacional.

A Xunta de Andalucía considera que a actividade mineira é unha fonte de innovación, de emprego e de riqueza moi necesaria no momento actual. O antigo complexo mineiro de Aznalcóllar, con case 950 hectáreas de superficie, posúe unhas reservas constatadas de sulfuros polimetálicos (cobre, chumbo e cinc, ademais de ouro e prata) de 35 millóns de toneladas e outros 45 millóns de toneladas de recursos probables. A maior parte da infraestrutura necesaria para a explotación da mina, a corta mineira, xa está construída, polo que se poderían continuar as actividades extractivas sen grandes transformacións no solo.

O Estado comparte o interese da Xunta de Andalucía en impulsar as actividades extractivas de explotación do complexo mineiro de Aznalcóllar de xeito racional, eficiente, sustentable e seguro, dada a súa repercusión na auga, no solo, na atmosfera, na fauna, na flora, na paisaxe e nos ecosistemas en xeral.

Na actualidade non hai actividade mineira no complexo de Aznalcóllar, a pesar da existencia, ben documentada, dun importante depósito no coñecido como «a Corta dos Frades».

As excepcionais circunstancias que concorren na actualidade pola situación económica foron determinantes para considerar o reinicio das actividades extractivas, que tanto emprego e riqueza poden xerar. Sen esquecer a necesidade da adopción de todo tipo de medidas preventivas que minimicen e controlen os riscos que a minaría supón neste ámbito, tan próximo ao Parque Nacional de Doñana.

No título I da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, reafírmase a natureza xurídica dos depósitos minerais de orixe natural como bens de dominio público estatal e mantense a concesión administrativa como institución tradicional e principio básico do noso ordenamento xurídico.

Na propia lei, co fin de evitar os inconvenientes dunha clasificación rixida, facúltase o Goberno para trasladar, en determinadas circunstancias, os recursos dunha a outra sección, mediante un sistema respectuoso coas garantías xurisdicionais, sen esquecer o carácter demanial dos recursos naturais.

Sen prexuízo do principio de prioridade que se establece na lei, de certa raíz no dereito mineiro e que foi estímulo determinante no achado de gran número de depósitos, é necesario ter en conta a necesidade imperante da solvencia científica, técnica e económico-financeira dos solicitantes, o que permite contar con maiores garantías en canto ao cumprimento das tarefas programadas.

No que respecta á explotación das substancias minerais da sección C), a lei distingue entre concesións directas e concesións derivadas dunha investigación previa. Todo iso baixo a exixencia rigorosa de ter sido plenamente comprobada a existencia dun recurso susceptible de aproveitamento racional.

O depósito mineiro de Aznalcóllar, na provincia de Sevilla, a partir do incidente acaecido o 25 de abril de 1998, implicou as administracións estatal e da Xunta de

Andalucía nunha actuación conxunta para corrixir o dano ambiental producido pola rotura da balsa de estériles. A partir da produción do dano ambiental pola daquela concesionaria, ambas as dúas administracións despregaron unha actuación conxunta que merece agora ser continuada para asegurar que a reapertura do depósito, de indubidable interese para o desenvolvemento económico e social, se produza coas máximas garantías ambientais. Estas garantías ambientais pódense verificar de xeito máis exixente se a selección do novo operador mineiro se leva a cabo mediante a forma de concurso.

No caso concreto dos depósitos minerais da faixa pirítica ibérica, desde hai séculos procedeuse á súa explotación racional. Na actualidade a minaría da zona encóntrase en alza coa suba do prezo dos metais. A súa viabilidade económica depende da extracción de cobre, cinc, chumbo e, nalgúns casos, de metais preciosos como ouro e prata. Os antecedentes de investigación da faixa pirítica remóntanse ao século XIX, considerándose unha das zonas con maior actividade mineira do país e, polo tanto, con maior fiabilidade e coñecemento dos recursos existentes.

Por todo o anterior, considérase que a tramitación de calquera investigación sobre unha zona tan estudada como a de Aznalcóllar unicamente atrasa a posibilidade da explotación racional dos recursos, pois considérase suficientemente coñecida a súa existencia e viable o seu aproveitamento racional, posto que existen suficientes datos e probas que permiten definir a súa explotación como consecuencia das melloras tecnolóxicas actuais e das novas perspectivas de mercado.

Dada a situación do emprego tanto a nivel nacional como local e as posibilidades de ocupación efectiva de traballadores na explotación da mina, considérase de extraordinaria e urxente necesidade posibilitar que a Comunidade Autónoma de Andalucía realice a adjudicación da explotación da mina conforme un procedemento de concorrencia competitiva. Deste xeito e conforme este real decreto lei prevese a inmediata adjudicación da explotación e a súa posta en funcionamento coa conseguinte contratación de traballadores no menor prazo posible. Neste mesmo sentido, neste real decreto lei adóptanse medidas de extraordinaria e urxente necesidade dirixidas a garantir a inmediata posta en explotación do complexo mineiro de Aznalcóllar en condicións idóneas de seguridade e protección do medio e con pleno respecto ao marco competencial.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de abril de 2014,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Definición da zona.*

Defínese a zona que se denominará «Aznalcóllar», comprendida na provincia de Sevilla e cuxo perímetro se designa a seguir:

Tómase como punto de partida o de intersección do meridiano 6° 15' 40'' oeste co paralelo 37° 32' 00'' norte que corresponde ao vértice 1.

Área formada por arcos de meridianos, referidos ao de Greenwich, e de paralelos determinados pola unión dos seguintes vértices expresados en graos sesaxesimais:

## Área

Vértice	Lonxitude	Latitude
1	6° 15' 40'' oeste	37° 32' 00'' norte
2	6° 13' 00'' oeste	37° 32' 00'' norte
3	6° 13' 00'' oeste	37° 29' 00'' norte
4	6° 15' 40'' oeste	37° 29' 00'' norte

O perímetro así definido delimita unha superficie de 72 cuadrículas mineiras.

Artigo 2. *Outorgamento da explotación.*

A Xunta de Andalucía, sen prexuízo das indemnizacións que procedan sobre dereitos preexistentes que tivese concedido, poderalle outorgar a explotación dos depósitos cuxos recursos se consideren plenamente probados na zona denominada «Aznaicóllar», que se define no artigo anterior, a quen resulte adxudicatario nun procedemento de concorrencia competitiva, logo da comprobación da solvencia científica, técnica e económico-financieira dos solicitantes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva para establecer as «bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica» e as «bases do réxime mineiro».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
MARIANO RAJOY BREY